

XHANFISE KEKO

O mundo para a infancia (1973-1984)

1103

2 maio
Tomka e os seus amigos (1977)

9 maio
Mimoza caprichosa (1974)

16 maio
Beni camiña só (1976)

23 maio
Taulant quere unha irmá (1984)

Foco organizado polo Museo Reina Sofía
e NUMAX



O mundo para a infancia (1973-1984)

O cinema sobre a infancia ocupou a destacados cineastas como Jean Vigo, François Truffaut ou Abbas Kiarostami, pero moi poucos contaron cunha obra caracterizada por tanta coherencia como a da cineasta Xhanfise Keko (Albania, 1929-2007). Autora excepcional de once longametraxes de ficción realizadas entre 1972 e 1984 en Albania, todas elas tratan sobre os desafíos, as frustracións e as aspiracións na infancia. Esta retrospectiva, a primeira en España e unha das escasas internacionais, ofrece catro dos seus filmes restaurados recentemente.

Cunha sensibilidade insólita, Keko retrata o mundo e a visión infantil poñendo no centro os desexos e a psicoloxía desta. Todo isto supón entender a infancia non como unha fase de transición cara outra idade, senón como un período en si mesmo, respectando a autonomía das crianzas tal e como definiu o filósofo da pedagogía René Schérer. A cineasta traballa con non-actores infantís, nenos e nenas seleccionados *ex profeso* para o seu cinema, quen se relacionan con actores profesionais. Á súa vez, a súa práctica contribúe a transformar o traballo metódico do actor nunha actividade lúdica e espontánea, seguindo as teses do psicólogo Lev Vygotsky da pedagogía baseada no xogo: a lectura do guión realizábase sempre cos participantes, sen supervisión das persoas adultas titoras, podendo derivar cara unha reescritura segundo os seus comentarios. Os sets dos seus filmes foron un espazo aberto de xogo onde todo o equipo estaba comprometido; a rodaxe, sempre rápida, buscaba adaptarse á atención breve dos nenos e nenas; e a cámara, situada sempre á súa altura, respectaba a súa maneira de percibir o mundo. En definitiva, toda unha serie de medidas para conseguir que a infancia non só sexa o tema dos seus filmes, senón o seu verdadeiro artífice.

A súa filmografía, atravesada pola súa condición de muller traballadora na Albania comunista durante as décadas de 1970 e 1980, tivo que sortear ademais a censura e someterse a estritas regras. Porén, grazas á temática do seu cinema, puido tratar temas tabús e enormemente controvertidos naquel período como o divorcio, en *Kur po Xhirohej një film (Mientras se filma unha película, 1981)*; a sociedade de fillos únicos, en *Taulanti kërkon një motër (Taulant quere unha irmá, 1984)*; ou a mala educación na clase podente albanesa en *Mimozë llusticë (Mimozë caprichosa, 1973)* ou *Kryengritje në pallat (Revolta no pazo, 1972)*. As fábulas e metáforas do mundo infantil non só lle permitiron salvar a censura, senón tamén representar na pantalla os soños dun mundo diferente para unha nova xeración. Pese os seus logros, Xhanfise Keko continúa sendo unha cineasta descoñecida na historia do cinema, feito que motivou a realización deste ciclo.